

ORDENANZA XERAL NÚM. 25

ORDENANZA XERAL DE PROTECCIÓN DE MEDIO AMBIENTE URBANO

PREÁMBULO.

Nos nosos días a protección do medio ambiente constitúe unha preocupación unánime sentida por todas as esferas da Administración e da xeralidade dos cidadáns. En harmonía con este principio básico, o **artigo 45 da nosa Constitución** proclama o dereito que todos temos a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa e, en paralelo, o deber que tamén alcanza a todos de conservalo. O mesmo artigo sinala como obriga dos Poderes Públicos a de velar pola utilización racional dos recursos naturais coa fin de protexer e de mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

LIBRO I. PROTECCIÓN DA ATMOSFERA FRONTE Á CONTAMINACIÓN POR FORMAS DE ENERXÍA.

TÍTULO PRELIMINAR.

ARTIGO 1.

O presente libro ten por obxecto regular, no ámbito de competencias municipais, as actividades, situacións e instalacións que sexan susceptibles de influír nas condicións ambientais propias a que se refire a ordenanza no termo municipal de Vilalba, coa fin de preservar e mellorar o medio urbano, evitando os posibles efectos nocivos daquelas.

ARTIGO 2.

Cando existan regulacións específicas de rango superior, as prescricións desta ordenanza hanse aplicar con suxeición ao **Principio de Xerarquía das Normas** e como complemento daquelas.

ARTIGO 3.

O incumprimento e a inobservancia do que se dispón na presente ordenanza quedará suxeito ao réxime sancionador que se articula nela.

ARTIGO 4.

A competencia municipal que regula esta ordenanza será exercitada polo alcalde, quen pode delegar na Xunta de Goberno Local.

TÍTULO I. PERTURBACIÓNS POR RUÍDOS.

ARTIGO 5.

- 1) A intervención municipal nestas materias tenderá a conseguir que as perturbacións por formas de enerxía non excedan dos límites que se indican na presente ordenanza.

- 2) Os ruídos e sons mediranse en decibelios ponderados, de acordo coa escala normalizada A (dBA), e o illamento acústico en decibelios (dB).
- 3) No caso de que manifestamente non se podan medir tecnicamente os ruídos e sons hase seguir, en casos urxentes, o criterio dos axentes municipais.

ARTIGO 6.

No medio ambiente exterior non se poderá producir ningún ruído que sobrepase os niveis indicados de seguido.

SITUACIÓN ACTIVIDADE	NIVEIS MÁXIMOS EN DBA	
	<i>Día</i>	<i>Noite</i>
A) Zona con equipamento sanitario.	45	35
B) Zona de residencia, servizos terciarios, non comerciais.	55	45
C) Zona con actividades comerciais.	65	55
D) Zona con actividades industriais ou servizos urbanos agás servizos da Administración.		70 65

Enténdese por día o período comprendido entre as 8 e as 22h.

artigo 7.

Por razóns da organización de actos con especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga, o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para modificar, con carácter temporal, os niveis sinalados no parágrafo primeiro nas vías ou sectores afectados no dito parágrafo primeiro.

ARTIGO 8.

- 1) Para os establecementos ou actividades que se citan neste parágrafo, o nivel de ruídos transmitidos a elas dende o exterior destes, agás os orixinados polo tráfico, non superarán os límites seguintes:

SITUACIÓN ACTIVIDADE	NIVEIS MÁXIMOS EN DBA	
	<i>Día</i>	<i>Noite</i>
A) Equipamento sanitario e benestar social.	30	25
B) Equipamento cultural, relixioso e educativo.	35	30
C) Equipamento para o lecer.	40	40
D) SERVICIOS TERCIARIOS		
- Hospedaxe		40 30
- Oficinas	45	-
- Comercio	55	55

E) RESIDENCIAL

- Pezas habitables agás cociñas	35	30
- Paseos, aseos e cociñas	40	35
- Zonas de acceso común	50	40

- 2) Os niveis anteriores aplicaranse tamén aos establecementos abertos ao público non mencionados, atendendo a valores de analoxía funcional ou de equivalente necesidade de protección acústica.
- 3) Os titulares das actividades estarán obrigados a adoptar as medidas de illamento e de acondicionamento necesarios para evitar que o nivel de ruído existente neles perturbe o adecuado desenvolvemento destas e ocasionen molestia aos asistentes.
- 4) Tamén se prohíbe a transmisión desde o interior de recintos ao exterior de niveis sonoros que superen os indicados no **artigo 6º**, e ao interior dos locais lindantes de niveis sonoros superiores aos indicados no **apartado 1º deste artigo**.
- 5) Prohíbese o traballo diúrno e nocturno a partir das 23h deica as 6h nos establecementos emprazados en edificios de vivendas ou lindantes con elas, cando o nivel sonoro transmitido a aquelas exceda dos límites indicados neste artigo.

ARTIGO 9.

Para os efectos dos lindes fixados no **artigo 6º**, sobre protección do ambiente exterior, en todas as edificacións de nova construción as cerrumes deberán posuír o illamento acústico mínimo esixido polas normas básicas da edificación e as que desenvolvan as normas urbanísticas.

ARTIGO 10.

- 1) Os elementos construtivos e de insonorización de que se dote aos recintos onde se aloxen actividades ou instalacións industriais, comerciais e de servizo, deberán posuír o illamento suplementario e preciso, para evitar a transmisión ao exterior ou ao interior doutras dependencias ou locais, de exceso de nivel sonoro que se orixinen no seu interior, e mesmo, se fose preciso, disporán do sistema de aireación inducida ou forzada que permita a cerrume de ocós ou fiestras existentes ou proxectadas.
- 2) Nos locais nos que se superen os 79 DBA de nivel de emisión, o illamento dos cerramentos e teitos que os separen e lindan con vivendas, non poderá ser en ningún caso inferior a 50 DBA.
- 3) Os aparellos elevadores, as instalacións de acondicionamento do aire e as súas torres de refrixeración, a distribución e evacuación das augas, a transformación de enerxía eléctrica e demais servizos do edificio, serán instalados coas precaucións de emprazamento e illamento que garanten un nivel de transmisión sonora non superior aos límites máximos autorizados polo **artigo 8º** cara ao interior da edificación.

ARTIGO 11.

Todo vehículo de tracción mecánica deberá ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, carrozaría e demais elementos deste capaces de producir ruídos e vibracións, e especialmente o dispositivo silenciador dos gases de escape, coa fin de que o nivel sonoro

emitido polo vehículo ao circular ou co motor en marcha, non exceda os límites que establece a presente ordenanza.

ARTIGO 12.

Prohíbese a circulación de vehículos a motor sen elementos silenciadores, con silenciadores non eficaces ou deteriorados, ou con tubos resoadores.

ARTIGO 13.

Queda prohibido o uso de bucinas ou calquer outro sinal acústico dentro do casco urbano, agás nos casos de néboa, inminente perigo de atropelo ou colisión, ou que se trate de servizos públicos de urxencia, como policía, servizo contra incendios e asistencia sanitaria ou de servizos privados para o auxilio urxente das persoas.

ARTIGO 14.

Os límites máximos admisibles para os ruídos polos distintos vehículos a motor en circulación serán os establecidos nas normas administrativas que os regulen.

ARTIGO 15.

Con carácter xeral prohíbese o emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción e análogos, sempre que as súas condicións de funcionamento produzan niveis sonoros que excedan dos sinalados nesta ordenanza para as distintas zonas. Esta prohibición non reixerá nos casos de alarma, urxencia ou tradicional consenso da poboación e poderá ser dispensada na totalidade por razóns de interese xeral ou de especial significación cidadá.

ARTIGO 16.

A carga e descarga, así coma o transporte de materiais en camións, deberá realizarse de maneira que o ruído producido non supoña un incremento importante no nivel ambiental da zona.

O persoal de vehículos de reparto deberá cargar e descargar as mercadorías sen producir impactos directos sobre o chan do vehículo ou do pavimento e a beirarrúa, e evitará o ruído producido polo desprazamento ou trepidación da carga durante o percorrido.

Queda excluída desta prescrición a recollida municipal de residuos urbanos, así coma as actuacións de recoñecida urxencia.

ARTIGO 17.

Os receptores de radio, televisión e en xeral todos os aparellos reprodutores de son, illaranse e regularanse de maneira que o ruído transmitido ás vivendas ou locais lindantes non exceda do nivel máximo autorizado. Tamén se considera como transgresión desta ordenanza o

comportamento incívico dos veciños, cando transmitan ruídos que superen os niveis establecidos.

TÍTULO II. PERTURBACIÓNS POR VIBRACIÓNS.

ARTIGO 18.

Non se poderán transmitir vibracións con valores superiores aos seguintes:

- Na zona de máxima proximidade ao elemento xerador de vibracións.....
30 PALS.
- No límite do recinto onde se encontre emprazado o xerador de vibracións..... 17 PALS.
- Fóra daqueles locais e na vía pública..... 5 PALS.

ARTIGO 19.

Para corrixir a transmisión de vibracións, deberán terse en conta as seguintes regras:

- 1) Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire ao seu equilibrio dinámico ou estático, así como a suavidade en marcha das chumaceiras ou camiños de rodaxe.
- 2) Non se permitirá a ancoraxe aberta de máquinas ou soportes destas ou de calquera órgano móbil en paredes medianeiras, en teitos ou en forxados de separación entre locais de calquera clase ou actividade, ou en elementos construtivos de edificación.
- 3) A ancoraxe de toda máquina ou órgano móbil en solos ou en estruturas non medianeiras, ou en estruturas non directamente conectadas cos elementos construtivos da edificación, dispoñerá, en todo caso, interpoñendo dispositivos antivibratorios adecuados.
- 4) As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos, e as dotadas de órganos con movemento alternativo, deberán estar ancoradas en bancadas independentes, sobre o chan firme, e illadas da estrutura da edificación e do chan do local por medio de materiais absorbentes da vibración.
- 5) Situaranse todas as máquinas de forma que as súas partes máis saíntes, ao final da carreira de desprazamento, queden a unha distancia mínima de 0,70m. dos muros perimetrais e forxados, debendo elevarse a 1m. de distancia cando se trate de elementos medianeiros.
- 6)a) Os condutos polos que circulen fluídos, líquidos ou gasosos, en forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, dispoñerán de dispositivos de separación que impidan a transmisión de vibracións xeradas en tales máquinas. As bridas e soportes dos condutos terán elementos antivibratorios. As aberturas dos cursos para o paso das conducións encheranse con materiais absorbentes da vibración.

b) Calquera outro tipo de condución susceptible de transmitir vibracións, independentemente de estar unida ou non a órganos móbiles, deberá cumprir co especificado no parágrafo anterior.
- 7) Nos circuitos de auga coidarase de que non se presente o "golpe de ariete" e as seccións e disposicións das válvulas e das billas haberán de ser tales que o fluído circule por elas en

régime laminar.

TÍTULO III - RÉXIME DISCIPLINARIO.

ARTIGO 20.

1. Consideraranse como infraccións administrativas os actos e emisións contidos nesta ordenanza, respecto aos focos emisores.
2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, de conformidade co establecido nos artigos seguintes.
3. Os actos administrativos sancionadores que se establecen nos artigos anteriores serán recorribles na forma e prazo previsto na **Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común**.

ARTIGO 21.

1) En materia de ruídos considerarase:

-Infraccións leves: superar en 3DBA os niveis máximos admisibles.

-Infraccións graves:

- a) A reincidencia en faltas leves.
- b) Superar entre 3 e 5 DBA os ruídos máximos admisibles por esta ordenanza.

-Consideraranse infraccións moi graves:

- a) A reincidencia en faltas graves.
- b) A emisión de niveis sonoros que superen en 6 ou máis DBA os límites máximos autorizados.

2) En materia de vibracións, consideraranse:

Infraccións leves: superar os niveis de transmisión correspondentes á curva K inmediatamente superiores á máxima admisible para cada situación.

Infraccións graves:

- a) A reincidencia en faltas leves.
- b) Obter niveis de transmisión correspondentes a 2 curvas K inmediatamente superiores á máxima admisible para cada situación.

Infraccións moi graves:

- a) A reincidencia en faltas graves.
- b) Obter niveis de transmisión correspondentes a máis de 2 curvas K inmediatamente superiores á máxima admisible para cada situación.

ARTIGO 22.

Sen prexuízo de esixir as correspondentes responsabilidades civís e penais, nos casos en que proceda, as infraccións aos preceptos da presente ordenanza relativas á contaminación atmosférica polo ruído como forma de enerxía, hanse sancionar da seguinte maneira:

- 1) Infraccións leves con multas de**30,5€.**
- 2) Infraccións graves con multas de**60,10€.**
- 3) Infraccións moi graves con multas de**150,25€.**

ARTIGO 23.

Sen prexuízo das sancións que sexan pertinentes, será causa de precintado inmediato da instalación, previo requirimento de amaño dos ruídos, o superar en máis de 10 dBA os límites de niveis sonoros para o período nocturno, e de 15 DBA para o diúrno.

ARTIGO 24.

O dito precintado poderá ser levantado para efectuar as operacións de reparación e de posta a punto. Sen embargo, a instalación non poderá poñerse en marcha ata que o persoal de inspección do servizo municipal competente autorice o seu funcionamento despois das probas pertinentes.

ARTIGO 25.

Para o caso de actividades reguladas polo **RAMINP**, o alcalde ou a Xunta de Goberno Local poderán elevar aos órganos competentes unha proposta de multa superior. Sen prexuízo das sancións correspondentes, tamén poderán dispoñer a retirada temporal ou definitiva da licenza e o cesamento da actividade mentres subsistan as causas do efecto perturbador.

LIBRO II: PROTECCIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS EN RELACIÓN COA SÚA LIMPEZA E RETIRADA DE RESIDUOS.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 26.

Este libro ten por obxecto a regulación das actividades dirixidas á limpeza dos espazos públicos e recollida de lixos para conseguir as adecuadas condicións de pulcritude e o ornato urbano.

ARTIGO 27.

Para os efectos de incardinación normativa, a regulación atense aos principios da **Lei 42/75, do 19 de novembro, sobre recollida e tratamento dos lixos e residuos sólidos urbanos, e demais disposicións aplicables.**

ARTIGO 28.

Considéranse lixos e residuos sólidos, segundo o establecido no **artigo 2 da lei citada no artigo anterior**, os producidos por actividades e situacións domiciliarias, comerciais e de servizos, sanitarias, de limpeza urbana, industriais, obras en edificios, abandono de animais mortos, de mobles, de trastes e de vehículos e, en xeral, todos aqueles que corresponda ao Concello a súa recollida, transporte, almacenamento ou eliminación de acordo coa lexislación vixente.

TÍTULO II. LIMPEZA DA REDE VIARIA E OUTROS SERVIZOS.

ARTIGO 29.

A limpeza da rede viaria pública e a recollida dos residuos procedentes desta será realizada polo servizo municipal competente coa frecuencia conveniente para a adecuada prestación do servizo e a través das formas de xestión que acorde o Concello, conforme á lexislación de réxime local.

ARTIGO 30.

1. A limpeza das rúas de dominio particular deberá levarse a cabo polo propietario, seguindo as directrices que dicte o Concello para conseguir uns niveis adecuados.
2. Tamén estarán obrigadas as comunidades de propietarios ou quen habitase o inmovible ou inmoables lindantes, no seu caso, a manter limpos os patios de luces, os patios de bloques de casas ou calqueroutra zona común, conforme ás súas normas estatutarias ou acordos tomados para o efecto polas respectivas xuntas.

ARTIGO 31.

1. A limpeza de solares e outros terreos de propiedade particular que se encontren en solo urbano e non estean incluídos no artigo anterior corresponderá igualmente á propiedade.
2. O incumprimento da obriga de manter limpos os ditos terreos non exime da obriga de proceder ao seu valado nos termos que se prevén na presente ordenanza.

ARTIGO 32.

1. Prohíbese botar ou verter na vía pública todo tipo de residuos, como cabichas, cascas, papeis ou calqueroutro desperdicio similar. Quen transitase polas rúas, prazas, xardíns ou outros espazos libres públicos, e quixese desprenderse de residuos de pequena entidade, coma os anteriormente mencionados, utilizarán as papeleiras instaladas para tal fin.
2. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, de movelas, vertelas ou arrincalas, así como calqueroutro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso a que están destinadas.

ARTIGO 33.

1. Queda prohibido realizar calquera operación que poda ensuciar as vías e espazos libres

públicos, e de xeito especial:

- a) Lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlles o aceite e outros líquidos.
- b) Manipular ou seleccionar o lixo ou residuos sólidos urbanos producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida, ou alterando os seus envases.
- c) Sacudir prendas ou alfombras na vía pública, ou sobre ela, dende as fiestras, balcóns ou terrazas.

ARTIGO 34.

1. Non se permite realizar actos de propaganda, ou calquera outra clase, que supoñan lanzar carteis, folletos ou follas soltas, cando tales actos ensucien os espazos públicos.
2. Terá a consideración de acto independente, para os efectos de sanción, cada actuación separada no tempo ou no espazo contraria ao establecido no número anterior. Serán responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e, no seu defecto e agás proba en contrario, aquelas outras polas que se faga esta.
3. Quedará dispensada a propaganda electoral durante os períodos legalmente habilitados, e aquelas outras de especial significación política e xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos publicitarios, de acordo coas disposicións municipais que se adopten para tales efectos.

ARTIGO 35.

1. Quen estea á fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública, ben sexa en sitios illados ou en mercadiños, están na obriga de manter limpo o espazo no que desenvolvan o seu cometido e as súas proximidades, durante o horario no que realicen a súa actividade, e deixalo no mesmo estado axiña que esta remate.
2. A mesma obriga incumbe aos donos de cafés, bares e establecementos análogos en canto á superficie de vía ou espazo libre público que se ocupe con veladores, cadeiras, etc, así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.
3. Os titulares dos establecementos, quioscos ou postos, así coma os concesionarios de despachos de tabacos e lotería nacional, deberán instalar pola súa conta e cargo as papeleiras necesarias. A recollida dos residuos acumulados nelas efectuarase polo servizo municipal competente.

ARTIGO 36.

1. Unha vez rematada a carga e descarga de calquera vehículo con observancia das normas que para tales actividades se establezan, procederase a limpar a beirarrúa e calzadas que se lixasen durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos.
2. Están obrigados ao cumprimento deste precepto os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou leiras nas que se efectuase a carga ou descarga.

ARTIGO 37.

1. O persoal de establecementos ou industrias que utilicen para o seu servizo vehículos de tracción mecánica e que adoiten estacionais na vía pública, deberán limpar debidamente, e coa frecuencia precisa, o espazo ocupado por estes.
2. Este precepto tamén se aplica aos espazos reservados para o estacionamento de camións ou autocares de aluguer, sendo responsables da infracción os seus propietarios.

ARTIGO 38.

Os propietarios e condutores de vehículos que transportasen terras, cascallos, materiais pulverulentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calqueroutra materia similar, deberán tomar todas aquelas medidas que cumpran para cubrir tales materiais durante o seu transporte, e evitar que a causa da súa natureza ou por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública auga, po, ou parte dos materiais transportados.

Así mesmo, e antes de saír das obras, deberán lavarse os baixos e rodas dos vehículos coa fin de impedir que se ensucien as vías públicas.

ARTIGO 39.

Cando se realicen pequenas obras na vía pública por mor de canalizacións, tapado de calas, etc, e sen prexuízo do estrito cumprimento das previsións contidas nas normas de aplicación, os sobrantes e cascallos haberán de ser retirados dentro das 24h seguintes ao remate dos traballos, deixándoos mentres debidamente amoreados, de xeito que non se perturbe a circulación de viandantes e vehículos.

TÍTULO III. LIMPEZA DE EDIFICACIÓNS.

ARTIGO 40.

1. Os propietarios das leiras, vivendas e establecementos, están obrigados a manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública, de tal xeito que se consiga unha uniformidade na súa estética, acorde co seu contorno maila normativa vixente de aplicación.
2. Os propietarios de edificios disporán do preciso para levar a cabo o revoco e pintado de fachadas incluíndo a parte dos portais que resulte visible dende o exterior.
3. As edificacións, existentes ou de recente construción, que carezan de revoco e pintado de paramentos vistos e resoltos con materiais pensados para revestir, deberán ser enfoscadas, lucidas e pintadas, en todas as partes visibles, incluíndo as partes vistas dos portais no caso de edificios, independentemente da súa tipoloxía.
4. Os distintos elementos arquitectónicos, construtivos ou de composición, repararanse e acondicionaranse de xeito que non causen ningún desperfecto nin molestias aos peóns.
5. Calquera actuación obxecto dunha obra terá a obriga de solicitar a perceptiva licenza coa fin de que os servizos técnicos municipais observen o cumprimento coa normativa legal vixente.
6. O Excmo. Concello de Vilalba advertirá da necesidade de levar a cabo as actuacións

pertinentes por parte do propietario do ben, para manter o decoro do conxunto. No caso de non realizar as obras indicadas polo Concello de Vilalba no prazo que estimen oportunos os servizos técnicos deste, a contar dende o día da notificación, e segundo o caso de que se trate, este procederá de oficio a realizar as ditas obras, debendo costear a propiedade e o orzamento destas, así como os gastos colaterais que orixine.

7. No caso de que un elemento construtivo dunha edificación presente un estado ruinoso económico ou técnico, parcial ou total o Concello instará a propiedade á súa recuperación ou eliminación, segundo sexa o caso. No suposto de non realizarse as obras indicadas polo Concello de Vilalba no prazo que estimen oportunos os servizos técnicos deste, a contar dende o día da notificación, e segundo o caso de que se trate, este procederá de oficio a realizar as ditas obras, debendo custear a propiedade e orzamento destas, así como os gastos colaterais que orixine.

ARTIGO 41.

1. Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou as cortinas dos establecementos comerciais, adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias aos viandantes nin ensuciar a vía pública. De ser esta ensuciada, os donos do establecemento están obrigados á súa limpeza, retirando os residuos resultantes.
2. Iguais precaucións haberán de adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas, así como para a rega das plantas instaladas neles.

ARTIGO 42.

1. Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixen o ornato e a estética da vila, queda prohibido:
 - a) Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, cabinas, fachadas, farois, enreixados, valos, papeleiras, etc.
 - b) Rachar, ensuciar ou arrancar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares ou emplacements autorizados para tal efecto.
2. Considéranse separadamente como actos sancionables as actuacións contrarias ao disposto no punto anterior, en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido que se fixasen en cada inmovible ou nos demais lugares prohibidos.
3. Para os efectos de responsabilidade será de aplicación o establecido no **artigo 34.2 desta ordenanza**.

ARTIGO 43.

1. Os propietarios ou titulares de inmoables, monumentos, quioscos, etc, quedan obrigados a manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.
2. Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados para este obxecto, sempre que, ademais, estean amparados pola preceptiva licenza e que se cumpra

coas normas específicas aplicables.

ARTIGO 44.

Durante os períodos electorais, e aqueles outros de xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Vilalba adoptará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

ARTIGO 45.

1. Prescricións xerais:

1. Os propietarios ou posuidores de terreos pertencentes ao solo urbano definido polo actual planeamento de Vilalba, e susceptibles de Licenza directa de edificación, e que dean fronte á vía pública, estarán obrigados a pechalos. En xeral os cerramentos serán construídos cegos con materiais revestidos e pintados dunha cor adecuada ó entorno e por ambas dúas caras, cunha altura de 1,20m.
2. O pechamento executarase a rentes do plano da beirarrúa.
3. A fixación dos elementos, así como a cimentación dos muros será dentro do predio, evitando ocupa-lo espazo público. No caso de pechamentos diáfanos (varandas), e coa debida autorización do concello poderán ser fixadas no elemento estrutural que conforma a beirarrúa.
4. Disporá de porta ou cancela, que permita o seu mantemento periódico, podendo ser de chapa cega ou barrotes, pintada e exenta de adornos superfluos.
5. Os revestimentos poderán ser executados con revocos de cal e area, podendo así evitar ser pintados.
6. Os revocos serán continuos sen iagueados nin outros detalles supostamente decorativos.
7. Evitaranse escorrentías de augas á vía pública.

2. Prescricións particulares. Situacións:

- 1) Entre parcelas edificadas sen recuados. O pechamento se executa a unha altura de 2,00m. mediante muro cego revestido e pintado. Disporá de porta que facilite o mantemento, que igualmente deberá ser pintada da mesma cor. Tanto a porta como o pechamento irán exentos de adornos superfluos.
- 2) En parcelas afectadas pola delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa (Decreto 158/2014 do 27 de novembro), a licenza de obra estará suxeita ás prescricións emitidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- 3) En parcelas con forte desnivel topográfico e con posibilidade de vistas paisaxísticas de interés, e para frontes superiores a 16,00m. o terreo poderá pecharse con varanda que cumpra os requisitos do CTE, en particular en materia de seguridade, entre outros, separación entre balaustres ou entre calquera outro elemento inferior a 12cm., altura respecto da beirarrúa 1,10m.
- 4) En terreos pertencentes a Estudos de Detalle, ou Solo Urbano Non Desenvolvido, o pechamento será diáfano mediante malla de aceiro galvanizado plastificada de cor verde fixada mediante postes do mesmo material de 1,20m. de altura con disposición de elemento "verde" interior, que poderá acadar a altura máxima de

1,50m. sobre a rasanta da rúa.

- 5) En parcelas pertencentes a rúas con criterios de aliñamentos dispares, o concello fixará as condicións do pechamento. en xeral executarase segundo o plano virtual separador entre o predio e a urbanización da beirarrúa existente. Nestes casos a altura nunca sobrepasará o parámetro xeral de 1,20m. de altura.
 - 6) En parcelas con fronte a rúas urbanizadas e a camiños, que estando dentro do ámbito de solo urbano, non presenten urbanización de beirarrúas, o pechamento será segundo o punto 2.4 para a fronte correspondente ao camiño sen urbanizar , e segundo o criterio xeral para o resto con fronte á vúa urbanizada.
3. Toda obra cumprirá coas normas da boa construción e coas obrigas do Real Decreto 1627/1997 en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.
 4. En todo caso o Concello de Vilalba, mediante os seus servizos técnicos, dará instrucións para cubrir aquelas situacións non definidas pola presente Ordenanza.
 5. Antes de proceder ao pechamento deberá contar coa autorización municipal correspondente.
 6. Antes de inicia-la obra deberá advertilo aos servizos técnicos correspondentes para efectua-lo correspondente replanteo.
 7. Queda terminantemente prohibido depositar neles desperdicios ou lixos, debendo branquearse as cerrumes.
 8. Os valos que cerren os solares que se atopen en construción deberán conservarse pintados e en estado decoroso.
 9. Toda obra de construción deberá estar rodeada dun valo. Os servizos técnicos municipais determinarán, no momento de outorgamento da licenza, a superficie de dominio público máxima a ocupar, debendo permitir en todo caso o tránsito de viandantes en adecuadas condicións de seguridade.
 10. O cumprimento das obrigas derivadas deste artigo estarán exentas de taxa municipal.
 11. O incumprimento das obrigas recollidas neste artigo, así como no artigo 40, dará lugar á imposición das seguintes:

SANCIÓNS:

- a) Establécese unha sanción de **9,02€** por metro lineal no primeiro requirimento e de **18,03 €** no segundo para o suposto de incumprimento da obriga de peche de solares.
- b) Para o valado de obras fíxase unha sanción de **3,01 € e 6,01€** o metro lineal respectivamente para o primeiro e o segundo requirimento.
- c) En canto ao incumprimento dos deberes de limpeza, revoco e pintado, recollidas no **artigo 40**, establécese unha sanción de **3,01 e de 6,01 €**, respectivamente, no primeiro e segundo requirimento.

- d) Facúltase ao Sr. alcalde para fixar os prazos en que se cumprirán as obrigas, entendéndose que o prazo para sancionar comeza a partir do requirimento formulado pola alcaldía.

TÍTULO IV. RETIRADA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E PROTECCIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS EN RELACIÓN COA SÚA LIMPEZA.

ARTIGO 46.

Enténdese por residuos sólidos urbanos os xerados por calquera actividade nos núcleos de poboación ou nas súas zonas de influencia. En base á **Lei 42/75, do 19 de novembro**, considéranse **RSU** os producidos por actividades e situacións domiciliarias, comerciais e de servizos, limpeza viaria, zonas verdes e recreativas, abandonos de animais mortos, mobles, trastes, mercadorías e vehículos industriais e da construción, así como agrícolas e gandeiros, que se produzan nas zonas clasificadas de acordo coa normativa urbanística como urbanas e urbanizables.

ARTIGO 47.

1. Queda terminantemente prohibido o vertido de todo tipo de residuos sólidos reseñados no **artigo anterior**.
2. A recollida de residuos sólidos será establecida polo servizo municipal competente, coa frecuencia e horarios que se considere oportunos, dando a publicidade necesaria para o coñecemento dos veciños.

ARTIGO 48.

Enténdese por residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica, así coma os producidos por establecementos comerciais que pola súa natureza e volume son asimilables aos anteriores.

ARTIGO 49.

O Concello poderá dispoñer que en toda a vila, ou en sectores ou zonas determinadas, se presenten por separado, ou se depositen en recipientes especiais, aqueles residuos susceptibles de distinto aproveitamento, como papeis, botellas, latas, etc.

ARTIGO 50.

A presentación dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente en bolsas de papel ou plástico que sexan resistentes á rotura, e perfectamente pechadas e depositadas nos recipientes normalizados que en cada caso sinala o Concello de acordo coa natureza dos residuos, coas características do sector ou vía pública e co planeamento realizado para a recollida e transporte polo servizo correspondente.

Deberán dobrarse ou racharse as caixas de cartón ou madeira, de xeito que permitan o máximo aproveitamento do colector. Utilizaranse os colectores asignados, pechando logo a tapa, estando prohibido o depósito de lixo ao redor deles.

ARTIGO 51.

Nas zonas, sectores ou barrios onde a recollida se efectúe mediante recipientes herméticos subministrados polo Concello, os usuarios de tales recipientes, teñen a obriga de conservalos e mantelos en adecuadas condicións de hixiene, coa dilixencia que o *Código Civil* esixe ao usufruario de bens alleos, sendo responsables do deterioro que os recipientes podan sufrir pola súa culpa ou negligencia.

ARTIGO 52.

1. Cando os recipientes que conteñan os residuos sexan colocados na vía pública, na beirarrúa, ao pé do bordo da calzada, ou no lugar que se sinale, esta operación non poderá facerse antes das 20h no casco urbano.
2. Se polo planeamento na frecuencia do servizo os domingos e festivos non houberse recollida, durante estes días non se poderán depositar residuos nos colectores situados na vía pública.

ARTIGO 53.

1. Nos centros públicos ou privados, vivendas, supermercados, centros sanitarios, etc, a retirada dos residuos correrá a cargo do servizo municipal competente, pero non o seu varrido ou limpeza. Estas operacións deben realizarse coa frecuencia necesaria para manter os locais nas debidas condicións de salubridade e hixiene.
2. Se unha entidade pública ou privada tivese por calquera causa que desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal, non poderán presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Nestes casos a entidade poderá ser autorizada ao transporte dos residuos cos seus propios medios aos puntos de transformación ou eliminación que indique o servizo municipal competente, ou ben poderán solicitar a súa retirada ao mencionado servizo.

En ambos casos o Concello pasará o correspondente cargo pola eliminación ou transformación dos residuos e ademais no segundo caso o aumentado co correspondente cargo de transporte.

ARTIGO 54.

Considéranse residuos industriais especiais os xerados polas empresas dentro da súa actividade e que queden fóra dos considerados inertes ou asimilables aos residuos urbanos, e, en xeral, os que representen risco para a saúde pública e o medio ambiente.

ARTIGO 55.

Os produtores ou posuidores de residuos industriais especiais están obrigados á xestión das medidas necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación, ou, no seu caso, o seu aproveitamento, se realice sen riscos para a saúde pública ou para o medio ambiente.

ARTIGO 56.

1. Prohíbese depositar na vía pública ou en lugares non permitidos calquera tipo de cascallo ou refugallo, procedente de calquera clase de obra de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no seu interior, sexan realizadas na totalidade ou nalgunha das vivendas.
2. Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos lindes do valado protector das obras, materiais de construción: ladrillo, cemento, etc.
3. Prohíbese depositar na vía pública e en lugares non permitidos calquera tipo de mercancía ou material procedente tanto de actividades industriais ou comerciais, coma de particulares.

ARTIGO 57.

1. Queda prohibido depositar nos espazos públicos mobles, trastes e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camións colectores da recollida domiciliaria.
2. As persoas que desexen desprenderse de tales elementos solicitarano do servizo municipal competente.

ARTIGO 58.

Sen prexuízo das causas de retirada e depósito de vehículos previstos na **Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial**, os servizos municipais, procederán á retirada dos vehículos situados na vía pública, ou terreos adxacentes e espazos libres públicos, sempre que polos signos exteriores, polo tempo de permanencia na mesma situación, ou por outras circunstancias, poidan considerarse residuos sólidos urbanos como consecuencia da súa situación de abandono.

ARTIGO 59.

Para os efectos desta ordenanza e no seu ámbito de aplicación, considéranse abandonados aqueles vehículos, ou os seus restos, que polos seus signos exteriores non sexan aptos para circular por careceren dalgún dos elementos necesarios, ou que, aínda contando aparentemente coa totalidade destes elementos, tanto os seus evidentes sinais de deterioro, coma o tempo de permanencia en idéntica posición de estacionamento, permitan presumir a mesma situación de abandono. Neste caso notificaráselle ao propietario, de acordo coa lexislación aplicable.

ARTIGO 60.

Exclúense da consideración de abandonados aqueles vehículos sobre os que recaia orde ou mandamento xudicial, coñecido polo Concello, para que permanezan na mesma situación, aínda que a autoridade municipal poderá recadar a adopción das medidas pertinentes en orde ao ornato urbano.

ARTIGO 61.

1. Unha vez efectuada a retirada e depósito dun vehículo abandonado conforme aos termos definidos nos artigos anteriores, o Concello notificarallo a quen figure como titular no padrón

de vehículos ou a quen resultase ser o seu lexítimo propietario na forma establecida para as notificacións na **Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común**.

2. Na mesma notificación requirirase ao titular do vehículo para que se manifeste, de acordo co **artigo 3.2 da Lei 42/75 de recollida e tratamento dos lixos e residuos sólidos urbanos**, deixa o vehículo ou os seus restos a disposición do Concello, que adquirirá a súa propiedade, ou pola contra opta por facerse cargo deles para a súa eliminación conforme ás prescricións da dita lei, apercibíndoo de que en caso de silencio durante o prazo indicado, hase entender que opta pola primeira das posibilidades.
3. Se o propietario do vehículo ou dos seus restos fose descoñecido, a notificación indicada efectuarase conforme ás normas xerais.

ARTIGO 62.

En todo caso os propietarios dos vehículos ou dos seus restos deberán soportar os gastos de recollida, transporte e depósito. O seu pago será previo nos supostos en que opten por facerse cargo daqueles, conforme ao que se establece no **núm. 2 do artigo anterior**.

ARTIGO 63.

Calquera persoa poderá comunicarlle ao Concello, ou aos axentes da autoridade, por escrito ou verbalmente, a existencia dun vehículo ou dos seus restos presumiblemente abandonados, sen que por tal actuación adquiran ningún dereito sobre aqueles ou sobre o seu valor.

ARTIGO 64.

1. Prohíbese o abandono de cadáveres de animais de toda especie sobre calquera clase de terreos, e tamén a súa inhumación en terreos de propiedade pública.
2. A sanción por incumprimento desta norma será independente das responsabilidades que estean previstas na normativa de orde sanitaria.

ARTIGO 65.

1. As persoas que precisen desprenderse de animais mortos farano a través dos servizos municipais competentes, que procederán á súa recollida, transporte e eliminación.
2. Este servizo municipal será gratuíto cando se trate de animais domésticos en réxime de convivencia ou de catividade, de referirse a un só exemplar e cando a prestación do servizo se solicite de maneira illada e esporádica por veciños de Vilalba.
3. O que se dispón no parágrafo anterior, non será aplicable no caso de explotacións gandeiras e industriais.

ARTIGO 66.

A eliminación de animais mortos non exime aos propietarios, en ningún caso, da obriga de comunicar a baixa do animal e as causas da súa morte, cando así veña establecido nas disposicións legais vixentes.

ARTIGO 67.

Quen observase a presenza dun animal morto pode comunicar tal circunstancia ao servizo municipal competente coa fin de proceder á retirada do cadáver nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

ARTIGO 68.

1. Inclúese neste epígrafe calquer outro residuo non sinalado especificamente entre os especiais, ou aqueles que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte ou tratamento selectivo, por razón das condicións anormais en que estes se puidesen encontrar.
2. Tamén se consideran residuos os restos vexetais de podas, procedentes de leiras urbanas particulares ou de comunidades de veciños. A recollida destes faraa o servizo correspondente e queda terminantemente prohibido botalos en terreos públicos ou privados.
3. A presentación dos residuos vexetais, para a súa recollida, farase en bolsas normalizadas e cerradas. Cando o particular ou as comunidades teñan concluídas as podas, e os restos estean metidos en bolsas, comunicaranllo ben telefonicamente ou ben por escrito ao servizo correspondente a dispoñibilidade para a retirada de residuos.
4. Entre a recollida da poda e o transporte, as bolsas manteranse dentro da propiedade e queda prohibido o depositalas na vía pública.

ARTIGO 69.

1. Os depósitos ou vertedoiros para a eliminación de residuos sólidos urbanos son de exclusiva competencia municipal, e en canto á súa situación, instalación, forma de vertido e funcionamento, deberán cumprirse coas disposicións vixentes nesta materia.
2. Todo vertedoiro que non cumpra co establecido no punto anterior será considerado clandestino e inmediatamente clausurado, sen prexuízo das sancións previstas e das responsabilidades a que dese lugar.

TITULO V. RÉXIME DISCIPLINARIO.

ARTIGO 70.

Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente ordenanza en relación coa materia a que se refire este libro.

ARTIGO 71.

As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas que se sinalan neste libro serán esixibles, non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba

responder e polo proceder dos animais, aos respectivos propietarios.

ARTIGO 72.

1. Consideraranse infraccións administrativas, en relación coas materias a que se refire este libro, os actos ou omisións que contraveñan o que se establece nas normas que integran o seu contido.
2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, segundo se establecen nos artigos seguintes:

ARTIGO 73.

1. Consideraranse *infraccións leves*:

- a) A falta de limpeza das rúas particulares e en espazos libres do mesmo carácter.
- b) Botar desperdicios na vía pública, así como realizar as operacións prohibidas no **artigo 33**, agás cambiar o aceite e outros líquidos aos vehículos.
- c) Non instalar as papeleiras esixidas ou a falta de limpeza na vía pública, nos supostos dos **artigos 35 e 36**.
- d) Deixar na vía pública residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.
- e) Rachar, emporcar ou arrincar carteis ou anuncios colocados nos lugares ou emplacements autorizados.
- f) O incumprimento das obrigas recollidas no **artigo 49**.

2. Consideraranse *infraccións graves*:

- a) A reincidencia de *infraccións leves*.
- b) Cambiar o aceite e outros líquidos aos vehículos na vía pública e espazos libres públicos.
- c) Realizar actos de propaganda mediante lanzamento de carteis, folletos, follas soltas, etc., que emporquen os espazos públicos.
- d) Omitir as operacións de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos ou incumprir as obrigas do **artigo 37**.
- e) Non retirar no prazo establecido os cascallos procedentes de obras na vía pública, así como almacenar nela cascallos e materiais de construción.
- f) O depósito na vía pública e en lugares non permitidos de calquera tipo de mercancía ou material procedente tanto de actividades comerciais ou industriais, coma de particulares.
- g) Colocar carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas.
- h) Usar indebidamente ou danar os recipientes herméticos subministrados polo Concello.
- i) Abandonar mobles ou trastes na vía ou en espazos públicos.
- j) Abandonar cadáveres de animais ou inhumaos en terreos de dominio público.
- k) O incumprimento das obrigas recollidas no **artigo 40.4**.
- l) O incumprimento das obrigas recollidas no **artigo 68**.

3. Consideraranse *infraccións moi graves*:

- a) Reincidencia en faltas graves.

- b) Dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización, ou entregalos a quen teña tal dedicación.
- c) Carecer de libro rexistro de residuos industriais así coma o vertido incontrolado destes.
- d) Non entregar ao Concello os restos a que se refire este libro.
- e) Non proporcionar información ao Concello sobre a orixe, cantidade e características dos residuos que poidan producir trastornos no transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos ou impedir e obstruír o labor inspector nos supostos de residuos industriais.

ARTIGO 74.

Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións aos preceptos do presente libro, en materia de limpeza urbana e residuos sólidos, serán sancionadas na forma seguinte:

- a) Infraccións leves: Multa de ata **60,10 €**.
- b) Infraccións graves: Multa de **60,11 € a 90,15 €**.
- c) Infraccións moi graves: Multa de **90,16 € a 150,25 €**.
- d) Ademais imputarase ao causante do vertido os gastos orixinados pola recollida.

O órgano competente poderá impoñer as sancións que se prevén na **Lei 42/75, do 19 de novembro, sobre restos e residuos sólidos urbanos** e demais lexislación que a desenvolva, podendo chegar a contía **ata 3.005,06 €** segundo a disposición do Pleno municipal.

ARTIGO 75.

1. Para determinar a contía da sanción atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales coma natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aquel outros factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.
2. Será considerado reincidente quen incorrese na infracción das mesmas materias nos 12 meses anteriores.

LIBRO III. TENZA DE CANS E OUTROS ANIMAIS DOMÉSTICOS.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 76.

A normativa contida no presente libro ten por obxecto regular todos os aspectos relativos á tenza de cans e outros animais domésticos no termo municipal de Vilalba, que afecte á tranquilidade, seguridade e salubridade cidadás.

Naquelas materias non contempladas por este regulamento ou que regule a autoridade municipal de conformidade con el, aplicaranse as normas de carácter xeral sobre medidas hixiénico-sanitarias aplicables a cans e gatos.

ARTIGO 77.

A competencia do Concello nas materias que son obxecto de regulación por este libro, exerceranse a través dos órganos e servizos da Administración municipal existentes na actualidade ou que no seu caso poidan crearse para tal efecto.

ARTIGO 78.

Sen prexuízo das facultades atribuídas pola normativa de carácter xeral a outras Administracións públicas, as infraccións ao que se dispón no presente libro serán sancionadas pola alcaldía, segundo o cadro de multas anexo a este libro, tendo en conta para a súa graduación as circunstancias de perigo para a saúde pública, falta de colaboración cidadá, o desprezo das normas elementais de convivencia, e outras que puidesen concorrer nos feitos, sen prexuízo da actuación da xurisdicción competente.

TÍTULO II. CANS.

ARTIGO 79.

Os propietarios ou posuidores de cans están obrigados a cumprir o que se dispón no presente regulamento, sendo responsables subsidiarios os titulares das vivendas, establecementos ou locais onde radiquen estes.

ARTIGO 80.

- 1) Nas vías públicas todos os cans terán que ir provistos de bozo, agás naqueles casos que pola súa natureza e características sexa razoablemente previsible a súa non perigosidade, en aras dunha maior seguridade das persoas. Irán ademais conducidos por unha persoa capaz e idónea, suxeitos con cadea, correa ou cordón resistente e co correspondente colar, onde porten a medalla do control sanitario e a chapa numerada de matrícula.
- 2) A alcaldía poderá ordenar con carácter xeral o uso de bozo, cando as circunstancias sanitarias así o aconsellen.

ARTIGO 81.

1. Como medida hixiénica ineludible, as persoas que conduzan cans procurarán impedir que estes depositen as súas dexeccións nas vías públicas, xardíns, paseos, e, en xeral, en calquera lugar destinado ao tránsito de viandantes en lugares públicos.
2. No caso de que as dexeccións queden depositadas nas beirarrúas, ou en calquera zona para viandantes, a persoa que conduza o animal está obrigada á súa limpeza.
3. Do incumprimento serán responsables as persoas que conduzan os animais e subsidiariamente os propietarios destes.

ARTIGO 82.

Prohíbese expresamente a entrada e permanencia de cans en toda clase de locais e de vehículos destinados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos, centros de saúde, farmacias e centros públicos.

ARTIGO 83.

1. Queda expresamente prohibida a entrada de cans en locais ou recintos de espectáculos públicos, deportivos e culturais.
2. Igualmente queda prohibida a circulación ou permanencia de cans en piscinas de utilización xeral e noutros lugares nos que se adoite bañar o público.

ARTIGO 84.

Os cans que garden solares, obras, locais, establecementos, etc, deberán estar baixo a vixilancia dos seus amos ou persoas responsables coa fin de que non poidan causar danos a persoas ou cousas, nin perturbar a tranquilidade cidadá, en especial en horas nocturnas. En todo caso deberá advertirse en lugar visible, e de xeito adecuado, a existencia do can.

ARTIGO 85.

Os cans que sirvan de guía aos deficientes visuais, rexeranse polo que se dispón no presente libro, sen prexuízo da aplicación da súa normativa específica.

ARTIGO 86.

Os cans vagabundos e os que, sen sereno, circulen dentro do casco urbano ou polo termo municipal desprovistos de colar coa chapa numerada de matrícula, serán recollidos polos servizos municipais e conducidos ao depósito establecido para tal efecto, onde permanecerán 3 días a disposición dos seus amos, quen no seu caso deberá acreditar a propiedade e aboar a sanción e gastos que procedan.

ARTIGO 87.

1. Os cans capturados na vía pública e que non fosen reclamados polos seus amos nos prazos fixados no **artigo precedente**, ou se estes non aboasen as cantidades que fosen esixibles por alimentación, vacinación, matrícula e outros conceptos, quedarán durante 10 días a disposición de quen o solicite e se comprometa a regularizar a situación sanitaria e fiscal do animal. Neste caso as persoas que adopten un can librándoo do sacrificio, non deberán aboar ningunha cantidade por gasto de mantenza ou multas pendentes, sempre que se acredite que non se trata dos seus anteriores titulares.
2. De non concorrer as anteriores circunstancias, os cans poderán ser cedidos a centros e institucións de carácter científico que o soliciten para os seus traballos de investigación, coa autorización dos servizos municipais e despois do informe do veterinario no que se garante que non sufrirán malos tratos nin danos que poidan evitarse ou paliarse.
3. Os cans non retirados nin cedidos sacrificaranse nas instalacións municipais por procedementos eutanásicos, tales coma o uso de barbitúricos, ou outros sistemas análogos, sen que poda utilizarse en ningún caso velenos ou procedementos que ocasionen a morte con sufrimento.

ARTIGO 88.

Quen se vise atacado por un can poderá ferilo ou matalo, se doutro xeito non puidese defenderse dos seus ataques. Se o can agresor fose vagabundo ou de dono descoñecido, a Administración municipal e a persoa agredida deberán colaborar cos servizos correspondentes para proceder á súa captura.

ARTIGO 89.

As persoas que fosen trabadas por un can deberán inmediatamente dar conta do feito ás autoridades sanitarias e aos servizos municipais coa fin de que poida ser sometido a tratamento se así o aconsellase o resultado da observación do animal.

Os propietarios ou posuidores dos cans mordedores están obrigados a facilitar os datos correspondentes do animal agresor, tanto á persoa agredida ou aos seus representantes legais, coma ás autoridades competentes que o soliciten.

ARTIGO 90.

1. Os cans que causasen lesións a unha persoa deberán ser sometidos a control veterinario oficial durante 14 días. A observación realizarase no depósito municipal. Nestas dependencias será internado o animal durante o dito período.
2. A petición do propietario, e despois do informe favorable do servizo veterinario, a observación do can agresor poderá realizarse no domicilio do dono, sempre que o animal estea debidamente documentado e controlado sanitariamente. En todo caso, os gastos ocasionados serán por conta do propietario do animal.
3. Nos casos de declaración de epizootias, os amos dos cans cumprirán coas disposicións preventivas sanitarias que se dicten polas autoridades competentes así coma coas prescricións que ordene a alcaldía.
4. Anualmente deberán ser vacinados os cans nas datas fixadas para o efecto, facéndose constar o cumprimento desta obriga na súa tarxeta de control sanitario. Os cans non vacinados deberán ser recollidos polos servizos municipais e os seus amos sancionados.

ARTIGO 91.

A autoridade municipal dispoñerá, despois do informe do servizo veterinario, o sacrificio sen ningunha indemnización dos cans que fosen diagnosticados de rabia.

As persoas que ocultasen casos de rabia en animais, ou deixasen ao animal que a padeza en liberdade, serán denunciados ante as autoridades gubernativas ou xudiciais correspondentes.

ARTIGO 92.

Os establecementos de tratamento, coidados ou aloxamento de cans, dispoñerán obrigatoriamente de salas de espera coa fin de que estes non permanezan na vía pública,

escaleiras ou outras dependencias antes de entraren nos citados establecementos. Igualmente os locais terán as condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade adecuadas para o mantemento dos animais aloxados ou tratados.

TITULO III. OUTROS ANIMAIS DOMÉSTICOS.

ARTIGO 93.

Prohíbese terminantemente deixar soltos en espazos exteriores toda clase de animais daniños ou feroces.

ARTIGO 94.

A estancia de animais domésticos en vivendas urbanas estará condicionada á utilidade ou nocividade destes, en relación coas persoas, ás circunstancias hixiénicas do seu aloxamento e á posible existencia de perigos ou incomodidades para os veciños en xeral.

ARTIGO 95.

A autoridade municipal decidirá o que proceda en cada caso, segundo un informe que emitan os inspectores do servizo veterinario como consecuencia das visitas domiciliarias que lles haberán de ser facilitadas polos ocupantes da vivenda.

Cando se decida que non é tolerable a estancia nunha vivenda ou local, os amos destes deberán proceder ao seu desaloxo, e de non o facer voluntariamente despois de ser requiridos para iso, farano os servizos municipais a cargo daqueles, sen prexuízo da esixencia da responsabilidade que procedese por desobediencia á autoridade.

ARTIGO 96.

A tenza de aves de curral, coellos, pombas e outros animais de cría, suxeitarase ás mesmas esixencias establecidas para previr posibles molestias aos veciños e focos de infección, así como á normativa de xeral aplicación.

ARTIGO 97.

Os animais trabados por outro ou sospeitosos de padecerem rabia deberán ser sometidos a observación e ao tratamento que resulte adecuado e, no seu caso, ao sacrificio.

TÍTULO IV. PROTECCIÓN DOS ANIMAIS.

ARTIGO 98.

Queda prohibido respecto aos animais a que se refire este libro:

- 1) Causar a súa morte agás nos casos de enfermidade incurable ou de necesidade ineludible.
- 2) Abandonalos en vivendas pechadas ou desalugadas, na vía pública, solares, xardíns, etc.

- 3) Vender na rúa toda clase de animais vivos, agás en lugares habilitados para tal efecto.
- 4) Golpearlos con varas e obxectos duros, inflixirilles calquera dano ou cometer actos de crueldade contra eles.
- 5) Levalos atados a vehículos de motor en marcha.
- 6) Sitalos á intemperie sen a adecuada protección respecto das circunstancias climatolóxicas.
- 7) Organizar pelexas de animais.
- 8) Incitar aos animais a atacarse os uns aos outros ou a lanzarse contra as persoas, ou vehículos de calquera clase.

ARTIGO 99.

1. Quen inxustificadamente infrixise danos graves ou cometese actos de crueldade e malos tratos contra animais de propiedade allea, domésticos ou salvaxes, mantidos en cativeiro, será sancionado segundo o disposto no presente libro, sen prexuízo da esixencia da responsabilidade que proceda polo dono.
2. Os axentes da autoridade e cantas persoas presenciaren feitos contrarios a este libro, teñen o deber de denunciar aos infractores.

ARTIGO 100.

Os amos de animais que sexan denunciados por causarlles malos tratos ou por telos en lugares que non reúnan as condicións impostas polas normas sanitarias ou de protección animal, poderán ser decomisados se o seu propietario ou persoa de quen dependan non adoptase as medidas oportunas para cesar en tal situación. Axiña que se decomisen, aplicarase o que se dispón no **artigo 87**.

ARTIGO 101. CADRO DE MULTAS.

1. Non circular cos cans suxeitos con cadea, correa ou cordón e colar coa medalla de control sanitario: entre **6,01€ e 12,02 €**.
2. Circular cos cans desprovistos de bozo cando a súa natureza perigosa e as súas características o fagan necesario, ou canto así o ordease a autoridade municipal: **30,05 €**.
3. Non impedir que os cans depositen as súas dexeccións en lugares destinados ao tránsito de viandantes: entre **6,01€ e 15,03€**.
4. Non proceder á limpeza de dexeccións do can a persoa que conduza ou animal: de **3,01€ a 33,06 €**.
5. Permitir a entrada ou permanencia de cans en locais ou vehículos destinados á fabricación, venda ou almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos: entre **18,03€ e 60,10€**.
6. Introducir ou manter cans en establecementos incumprindo as prescricións a que se refire o **artigo 83**: entre **6,01€ e 30,05€**.
7. Descoido na vixilancia de cans gardiáns que poidan ocasionar perigo de agresión ás persoas e

danos nas cousas ou perturbación da tranquilidade cidadá: entre **6,01€ e 60,15 €**.

8. Non advertir en lugar visible da existencia de cans: entre **12,02€ e 90,15 €**.

9. Non facilitar o dono dun can, que trabase unha persoa, os datos que lle requira a persoa agredida ou as autoridades competentes: **90,15 €**.

10. Non cumprir coas prescricións de carácter sanitario que determina o **artigo 90.3 e 90.4**: **90,15 €**.

11. Deixar soltos en espazos exteriores animais danifios ou feroces: entre **30,05€ e 90,15 €**.

12. Non proporcionar ou facilitar a un animal o tratamento adecuado cando presuntamente padeza rabia: **90,15€**.

13. Abandonar animais mortos: de **30,05 a 90,15 €**, segundo o lugar e circunstancias de abandono.

14. Quebrantar as prohibicións establecidas no **artigo 98**:

- Apartados 1, 5 e 7: **90,15 €**
- Apartados 2 e 4: **30,05 €**.
- Apartados 3, 6 e 8: **6,01 €**.

15. Infrinxir danos graves ou cometer actos de crueldade ou malos tratos contra animais de propiedade allea: de **12,02€ a 60,10€**.

LIBRO IV. PROTECCIÓN DE ZONAS VERDES.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

ARTIGO 102.

Este libro ten por obxecto a regulación da implantación, conservación, uso e goce das zonas verdes do termo municipal, así coma dos distintos elementos instalados nelas, procurando a súa preservación por seren ámbitos imprescindibles para o equilibrio do ambiente urbano.

ARTIGO 103.

- 1) Considéranse zonas verdes os espazos destinados á plantación de arborado e xardinería conforme ás determinacións das normas urbanísticas.
- 2) En todo caso, serán consideradas como zonas verdes as prazas e pequenos xardíns, as aliñacións de árbores en beirarrúas e paseos e as xardineiras e elementos de xardinería instalados nas vías públicas.

ARTIGO 104.

Todos os cidadáns teñen dereito ao uso e goce das zonas verdes públicas, de acordo co establecido nesta ordenanza e demais disposicións aplicables.

ARTIGO 105.

Os lugares a que se refire a presente ordenanza, pola súa cualificación de bens de dominio e uso público, non poderán ser obxecto de privatización do seu uso en actos organizados que pola súa finalidade, contido, características ou fundamento, presupoña unha utilización de tales recintos con fins particulares, en detrimento da súa propia natureza e destino.

ARTIGO 106.

Cando por motivos de interese se autoricen nestes lugares actos públicos, deberán tomarse as medidas previsoras necesarias para que a maior afluencia de persoas a estes non cause detrimento nas plantas e mobiliario urbano. En todo caso, tales autorizacións deberán ser solicitadas con antelación suficiente para adoptar as medidas precautorias necesarias.

ARTIGO 107.

Os usuarios de zonas verdes e do mobiliario urbano instalado nestas, deberán cumprir as instrucións que sobre a súa utilización figuren nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes.

En calquera caso deberán atender ás indicacións que formulen os axentes da policía municipal ou o persoal de parques e xardíns.

TITULO II. PROTECCIÓN DO MEDIO, ELEMENTOS VEXETAIS E MOBILIARIO URBANO.

ARTIGO 108.

Con carácter xeral para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes, non se permitirán os seguintes actos:

- a) Toda manipulación realizada sobre as árbores e as plantas.
- b) Camiñar por zonas axardinadas acoutadas.
- c) Pisar o céspede de carácter ornamental, introducirse neste e utilizalo para xogar, repousar ou deitarse sobre el.
- d) Cortar flores, pólas ou especies vexetais.
- e) Talar ou podar árbores situadas en espazos públicos sen autorización municipal expresa.
- f) Arrancar ou partir árbores, pelar ou arrincar as súas cortizas, cravar puntas, atar a estes escaleiras, ferramentas, soportes de andamiaxe, ciclomotores, bicicletas, carteis ou calquer outro elemento, rubir ou subir a estes.
- g) Depositar materiais de obra sobre as árbores ou verter nelas calquera clase de produtos tóxicos.

- h) Botar en zonas axardinadas lixo, residuos, cascallos, pedras, papeis, plásticos, graxas, produtos cáusticos ou fermentables ou calquera outro elemento que poda danar as plantacións.
- i) Prender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean expresamente autorizados.

ARTIGO 109.

Se nalgún caso cumprise arrincar ou trasladar unha ou varias árbores dun macizo de xardín, pola modificación da superficie pavimentada dunha rúa, o Concello replantarán ou substituirán estas árbores.

ARTIGO 110.

Todas as árbores, de calquera rúa ou propiedade pública, próximas a unha escavación ou construción de calquera edificio, estrutura ou obra na rúa, deberá defenderse cun valado de 1,20m. de altura e 2,40 m. de lado como mínimo. Todo lixo, cascallo, ou material de construción deberá quedar fóra do valado deixando libre a árbore.

ARTIGO 111.

A protección da tranquilidade e sosego que integran a propia natureza das zonas verdes, esixe que:

- a) A práctica de xogos e deportes se realice nas zonas especificamente acoutadas cando concorran as seguintes circunstancias:
 - 1. Poidan causar molestias ou accidentes ás persoas.
 - 2. Poidan causar danos ou deterioros ás plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, xardíns e paseos.
 - 3. Impidan ou dificulten o paso de persoas ou interrompan a circulación.
 - 4. Perturben ou molesten de calquera forma a tranquilidade pública.
- b) As actividades publicitarias realízanse con expresa autorización municipal.
- c) As actividades artísticas de pintores, fotógrafos e operadores cinematográficos ou de televisión, poderán ser realizadas nos lugares utilizables polo público. Deberán absterse de obstaculizar a utilización normal do parque e terán a obriga de cumprir con todas as indicacións formuladas polos axentes de vixilancia.

As filmacións cinematográficas ou de televisión e a colocación ou transporte de materiais e instalacións de carácter especial para tales operacións, terán que ser autorizadas polo Concello.

- d) As actividades industriais restrinxiranse ao máximo, limitándose a venda ambulante de calquera

clase de produtos que soamente poderá efectuarse coa correspondente autorización municipal expresa para cada caso concreto.

A instalación de calquera clase de industrias, comercios, restaurantes, venda de bebidas ou refrescos, xelados, etc, requirirá autorización ou concesión administrativa do concello, obtida coa tramitación que a normativa aplicable dispoña en cada caso concreto.

e) Non sendo nos lugares especialmente habilitados, non se permitirá acampar, instalar tendas de campaña ou vehículos habilitados para tal efecto.

ARTIGO 112.

Nas zonas verdes non se permitirá:

- a) Lavar vehículos, roupas ou proceder ao tendido destas.
- b) Tomar auga das bocas de rega.
- c) Efectuar inscricións ou pegar carteis nos valados, soportes de alumado público ou en calquera elemento existente nos parques e xardíns.
- d) Instalar calquera tipo de modalidade publicitaria nos parques. Nas restantes zonas verdes soamente se autorizarán elementos publicitarios previamente homologados polo Concello.
- e) Para realizar calquera clase de traballo de reparación de automóviles, albanelería, xardinería, electricidade, etc. E de tratarse de elementos propios do parque ou de instalacións de concesionarios, requirirase a preceptiva autorización do Concello.

ARTIGO 113.

1) O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns e zonas verdes consistente en bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalizacións, farois e elementos decorativos, deberá manterse no máis adecuado e estético estado de conservación. Os causantes do seu deterioro ou destrución serán responsables non soamente do resarcimento do dano producido, senón que serán sancionados administrativamente. Tamén será sancionado quen facendo uso indebido de tales elementos prexudique a boa disposición e utilización destes polos usuarios de tales lugares. Para estes efectos non se permitirá un uso inadecuado de bancos e xogos infantís.

2) Os papeis deberán depositarse nas papeleiras e os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre elas como movelas, volcalas ou arrincalas, ou facer inscricións ou adherir papeis e outros actos que deterioren a súa presentación.

3) Os usuarios deberán absterse de realizar calquera manipulación das fontes que non sexa a propia do seu funcionamento normal así como a práctica de xogos.

Nas fontes decorativas, bocas de rega etc, non se permitirá beber, utilizar a auga destas, bañarse ou introducirse nas súas augas, practicar xogos, así como toda manipulación dos seus elementos.

4) Nos sinais, farois, estatuas e elementos decorativos, non se permitirá subir, ou facer calquera acción ou manipulación, así como calquera acto que ensucie, dane ou deteriore a estes.

TÍTULO III. RÉXIME DISCIPLINARIO.

ARTIGO 114.

Calquera persoa natural ou xurídica poderá denunciar as infraccións en relación coas zonas verdes. As denuncias, nas que se expoñerán os feitos considerados como presuntas infraccións, darán lugar á incoación do oportuno expediente. A súa resolución será comunicada aos denunciante.

ARTIGO 115.

Consideraranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan o establecido neste libro, clasificándose en leves, graves e moi graves.

a) Consideraranse **infraccións leves**:

- A existencia de posibilidade real de aproveitar recursos de auga.
- Deteriorar os elementos vexetais.
- Practicar xogos e deportes en sitios e de xeitos inadecuados.
- Usar indebidamente o mobiliario urbano.

b) Consideraranse **infraccións graves**:

- A reincidencia en infraccións leves.
- Destruír elementos vexetais.
- Causar danos ao mobiliario urbano.

c) Consideraranse **infraccións moi graves**:

- A reincidencia en infraccións graves.
- A celebración de festas ou actos públicos ou competicións deportivas sen autorización municipal.
- Usar vehículos de motor en lugares non autorizados.

ARTIGO 116.

Sen prexuízo de esixir cando proceda a correspondente responsabilidade civil ou penal, as infraccións dos preceptos deste libro serán sancionadas da forma seguinte:

As **leves** con multas de **30,05 €**.

As **graves** con multas de **30,05€ a 60,10 €**.

As **moi graves** con multas de **60,10€ a 90,15€**.

A contía das sancións graduarase tendo en conta a gravidade do dano realizado, a intencionalidade, a reincidencia e demais circunstancias que concorran.

LIBRO V. PROTECCIÓN DOS RECURSOS HIDRÁULICOS DA CONTAMINACIÓN POR VERTIDOS NON DOMÉSTICOS.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 117.

É obxecto deste libro a regulación dos vertidos non domésticos de augas residuais procedentes das instalacións emprazadas no termo municipal, dirixida á protección dos recursos hidráulicos e á preservación da rede de sumidoiros e das estacións depuradoras de augas residuais.

ARTIGO 118.

Sen prexuízo do que se establece neste libro, os dispositivos de evacuación de vertidos, as conexións á rede de saneamento e, en xeral, as instalacións para esta finalidade axustaranse ás normas específicas que os regulen.

TÍTULO II. VERTIDOS NON PERMITIDOS.

ARTIGO 119.

Quedan totalmente prohibidos os vertidos directos ou indirectos á rede de saneamento de todos os compostos e materias que se sinalan de seguido:

- a. **Mesturas explosivas:** líquidos, sólidos ou gases que por razón da súa natureza ou cantidade sexan ou poidan ser suficientes por si mesmos ou en presenza doutras sustancias de provocar lume ou explosión.
- b. **Restos sólidos viscosos:** restos sólidos ou viscosos que provoquen ou poidan provocar obstrucións na rede de sumidoiros ou interferir no adecuado funcionamento do sistema de augas residuais.
- c. **Materiais coloreados:** líquidos, sólidos ou gases que provoquen corrosión na rede de saneamento ou nas instalacións de depuración e todas as sustancias que poidan reaccionar coa auga para formar produtos corrosivos.
- d. **Materias nocivas e sustancias tóxicas:** sólidos, líquidos ou gases en cantidades tales que por si sos ou por interacción con outros restos, poidan causar molestia pública, ou perigo para o persoal encargado do mantemento e conservación da rede de colectores ou estacións depuradoras.

TÍTULO III. INSTALACIÓNS DE PRETRATAMENTO

ARTIGO 120.

1. Para os casos nos que sexa esixible unha determinada instalación de pretratamento dos vertidos, o usuario deberá presentar proxecto dela ao Concello e información complementaria ao respecto, para a súa revisión e aprobación previa, sen que se poidan alterar posteriormente os termos e especificacións do proxecto presentado.
2. Poderase esixir por parte do Concello a instalación de medidores de caudal de vertidos nos casos nos que non exista fiabilidade nos datos ou estimacións facilitados polo usuario.

3. O usuario será o responsable da construción, explotación e mantemento das instalacións necesarias, con obxecto de satisfacer as esixencias deste libro. A inspección e comprobación do funcionamento das instalacións é facultade e competencia do Concello.

TÍTULO IV. DESCARGAS ACCIDENTAIS E CONTROL DOS VERTIDOS.

ARTIGO 121.

1. Cada usuario deberá tomar as medidas adecuadas para evitar as descargas accidentais de vertidos que infrinxan o presente libro, realizando as instalacións necesarias segundo os criterios establecidos no artigo anterior sobre instalación de pretratamento.
2. De producirse algunha situación de emerxencia, o usuario deberá comunicarlle á Administración tal circunstancia, co obxecto de que esta tome as medidas oportunas de protección das súas instalacións. Seguidamente remitirá un informe completo detallando o volume, duración e características do vertido producido, así como as medidas adoptadas en previsión de que se produza de novo.
3. A Administración terá facultade de investigar as responsabilidades en que se puidese incurrir en cada caso.

ARTIGO 122.

Ante unha situación de emerxencia ou con risco inminente de producirse un vertido inusual á rede de saneamento que poda ser potencialmente perigoso para a seguridade das persoas ou instalacións, o usuario deberá comunicar urxentemente a situación producida e utilizar todas as medidas de que dispoñan coa fin de conseguir minimizar o risco. Posteriormente o usuario remitiralle ao Concello o correspondente informe.

ARTIGO 123.

Toda descarga de augas residuais, non domésticas, á rede de saneamento deberá contar coa correspondente autorización ou permiso de vertido, concedido polo Concello.

ARTIGO 124.

1. Os usuarios que teñan que efectuar vertidos á rede de saneamento solicitaranlle ao Concello o permiso indicado no artigo anterior.
2. Coa solicitude deberá xuntarse a seguinte información:
 - Nome e enderezo da entidade xurídica solicitante, así como os datos de identificación do representante que efectúa a solicitude.
 - Volume de auga que consume a industria.
 - Volume de auga residual e réxime desta, horario, duración, caudal medio, caudal punta e variacións diarias.
 - Compoñentes e características das augas residuais.
 - Planos de situación, planta, conducións, instalacións mecánicas e descrición

- pormenorizada coa rede de saneamento con dimensións e situacións.
 - Descrición da actividade, instalacións e procesos que se desenvolven.
 - Descrición do produto obxecto de fabricación, así como dos produtos intermedios ou subprodutos se os houberse, indicando cantidades, especificacións e ritmo de produción.
 - Calquera outra información que o Concello estime necesaria.
3. O Concello autorizará a descarga con suxeición aos termos límites e condicións que se indiquen.
4. A autorización poderá incluír os seguintes extremos:
- Valores máximos ou medios permitidos en concentracións e en características de augas residuais vertidas.
 - Limitacións sobre o caudal e o horario das descargas.
 - Esixencias de instalacións de pretratamento, inspección, mostreo ou medición, en caso preciso.
 - Esixencias tocantes ao mantemento, informes técnicos e rexistros de planta en relación co vertido.
 - Programas de cumprimento.
 - Condicións complementarias que aseguren o cumprimento das condicións que establece este libro.
5. O período de tempo de autorización estará suxeito a modificacións, se hai variacións por parte do propio vertido ou ben por necesidades do Concello. O usuario será informado con antelación das posibles modificacións e disporá de tempo de abondo de adaptación ao seu cumprimento.
6. As autorizacións emitiranse con carácter intransferible.

TÍTULO V. INSPECCIÓN E RÉXIME DISCIPLINARIO

ARTIGO 125.

Os servizos correspondentes do Concello exercerán periodicamente a inspección e vixilancia das instalacións de vertido de auga á rede de saneamento con obxecto de comprobaren o cumprimento do disposto neste libro.

As inspeccións e controis poderán ser realizadas por iniciativa do Concello ou por instancia dos propios interesados.

ARTIGO 126.

O usuario facilitará aos inspectores o acceso ás distintas instalacións, coa fin de que poidan proceder a realizar o seu cometido. Do mesmo xeito poñerán a disposición dos inspectores os datos, informacións, análises, etc, que estes lles soliciten.

ARTIGO 127.

Os inspectores deberán acreditar a súa identidade mediante documentación expedida polo

Concello. Non cumprirá a notificación previa das visitas que se efectúen en horas normais de funcionamento da actividade, e o usuario debe facilitar o acceso ás instalacións.

ARTIGO 128.

Levantarase acta da inspección realizada polo Concello, cos datos de identificación do usuario, operacións e controis realizados, resultados de medicións e toma de mostras e calquer outro feito que se considere oportuno facer constar por ambas partes. Esta acta asinarase polo inspector e polo usuario a quen se lle fará entrega dunha copia.

ARTIGO 129.

Os vertidos que non cumpran con calquera das limitacións ou prohibicións establecidas nos artigos anteriores, darán lugar a que o Concello adopte algunha ou algunhas das medidas seguintes:

- Prohibición total do vertido.
- Esixir ao usuario a adopción das medidas necesarias para a modificación do vertido mediante un pretratamento del.
- Esixir ao responsable o pago de todos os gastos a que o Concello tivese que facer fronte como consecuencia dos vertidos.
- Imposición de sancións.
- Rebogación da autorización de vertido.

Nos supostos de gravidade ou excesiva reiteración de infraccións o Concello poderá cursar a correspondente denuncia aos organismos competentes.

ARTIGO 130.

Considéranse infraccións administrativas as accións ou omisións contrarias ao establecido no presente libro. As infraccións clasifícanse en: *leves, graves e moi graves*.

1- Infraccións leves:

- a) Non facilitar aos inspectores municipais o acceso ás instalacións ou á información solicitada.
- b) Omitir a información sobre as características da descarga do vertido ou sobre cambios no proceso que afecte a esta.

2- Infraccións graves:

- a) Reincidencia en faltas leves.
- b) Falta de comunicación de situacións de emerxencia.
- c) Efectuar vertidos que esixen tratamento previo sen telo feito.
- d) Realizar vertidos sen permiso municipal.

3- Infraccións moi graves:

- a) Reincidencia en faltas graves.
- b) Realizar vertidos prohibidos.

ARTIGO 131.

Sen prexuízo de esixir cando proceda a correspondente responsabilidade civil ou penal, as infraccións aos preceptos deste libro serán sancionadas do xeito seguinte:

- As **leves** con multas de ata **300,51€**.
- As **graves** con multas de **300,51€ a 601,01€**.
- As **moi graves** con multas de **601,01€ a 3.005,06 €** con proposta, no seu caso, de clausura da actividade.

Para graduar a contía da sanción terase en conta a natureza da infracción, a gravidade do dano producido, a intencionalidade, reincidencia e demais circunstancias concorrentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Facúltase á alcaldía-presidencia para dictar cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no **BOP da Provincia**.

ÍNDICE

ARTIGOS	Páx.		
Preámbulo			2
Libro I: Protección da Atmosfera Fronte á Contaminación por Formas de Enerxía.	3		
Título Preliminar.		1-4	3
Título I: Perturbacións por Ruídos.	5-17	3	
Título II: Perturbacións por Vibracións.	18-19	7	
Título III: Réxime Disciplinario.	20-25	8	
Libro II: Protección dos Espazos en Relación coa súa Limpeza e Retirada de Residuos.			11
Título I: Disposicións Xerais.	26-28	11	
Título II: Limpeza da Rede Viaria e Outros Servizos.		29-39	11
Título III: Limpeza de Edificios.	40-45	14	
Título IV: Retirada de Residuos Sólidos Urbano.	46-69	17	
Título V: Réxime Disciplinario.	70-75	22	
Libro III: Tenza de Cans e Outros Animais Domésticos.			25
Título I: Disposicións Xerais.	76-78	25	
Título II: Cans .		79-92	25
Título III: Outros Animais Domésticos.	93-97	29	

Título IV: Protección dos Animais.	98-101	30	
Libro IV: Protección de Zonas Verdes.		32	
Título I: Disposicións Xerais.	102-107	32	
Título II: Protección do Medio, Elementos Vexetais e Mobiliario Urbano.	108-113	33	
Título III: Réxime Disciplinario.	114-116	36	
Libro V: Protección dos Recursos Hidráulicos da Contaminación por Vertidos non Domésticos .			38
Título I: Disposición Xerais.	117-118	38	
Título II: Vertidos non Permitidos.	119	38	
Título III: Instalación de Pretratamento.	120	39	
Título IV: Descargas Accidentais e Control dos Vertidos.	121-124	39	
Título V: Inspección e Réxime Disciplinario	125-131	40	
Disposición Adicional		43	
Disposición Final		43	